



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 25 DE SETEMBRO DE 2019

2.- Proposta da concelleira delegada de Contratación relativa á prórroga do contrato de "Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a prórroga do contrato por un novo e último ano, a contar dende o 30 de setembro de 2019 ata o 29 de setembro de 2020.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á ampliación de prazo de execución das "Obras contempladas no proxecto de renovación de viais e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020". Apróbase a ampliación do prazo de execución, polo que a nova data de finalización dos traballos será o 31 de outubro de 2019. Ademais, autorízase a extensión da acta de recepción parcial do primeiro tramo das obras e da acta de recepción definitiva tras a finalización da totalidade dos traballos.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa ao inicio de expediente por incumprimento de contrato das "Obras para a dotación de equipamentos de ocio en Lavacolla - ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2018". Acórdase iniciar un expediente por incumprimento de contrato, dando audiencia ao contratista Zona de Obra O Rosal, SLU por un prazo de quince días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, deas penalidades que procedan pola demora acumulada na execución dos traballos.

5.- Propostas de axudas do programa de Garantía Básica Cidadá. Concédense tres axudas e modifícase outra.

6.- Concertación operación préstamo a longo prazo para financiación investimentos e transferencias de capital por importe de 2.950.000 euros. Apróbase a concertación do préstamo.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación da concesión e pagamento de subvencións ás Asociacións de Veciños 2019. Concédense axudas a 38 asociacións veciñais, que se reparten un total de 89.766,79 euros.